



A Normativa para articular os procedementos extraordinarios de avaliación e a revisión das cualificacións aprobada pola Xunta de Goberno da USC na súa sesión do 15 de novembro de 2001 desenvolve o artigo 115 dos Estatutos da USC.

Na mesma establécese a posibilidade de que os alumnos, en determinadas circunstancias, poidan solicitar un apoio tutorial extraordinario, nun máximo de dúas materias pendentes das que teñan esgotadas alomenos catro convocatorias. Este apoio tutorial que corresponderá realizar ós Profesores deberá, por unha parte, proporcionarlle ó alumno unha orientación continuada que lle facilite a adquisición dos coñecementos, permitiéndolle, ó mesmo tempo, ó profesor avaliar de forma contínua a progresión do alumno mantendo as garantías e a transparencia necesaria.

Para poder acadar estes obxectivos é necesario implementar o procedemento a seguir por tódolos órganos que interveñen neste proceso, polo que este rectorado

RESOLVE

Primeiro.-Subxectos do apoio tutorial extraordinario

1.1 Poderán solicitar este apoio os alumnos que reúnan todos estes requisitos:

- a) Que teñan superado o 80 % dos créditos troncais e obrigatorios para titularse, no caso de planos renovados ou alomenos 20 materias obrigatorias no caso de planos sen renovar.
- b) Que ademáis non teñan máis de dúas materias pendentes, con catro convocatorias esgotadas en cada unha.
- c) Que, no caso dos planos renovados, as materias pendentes non deberán sumar máis de 12 créditos.

Segundo.- Da actuación dos órganos que interveñen no procedemento

2.1 O Vicerrectorado de Organización Académica e Profesorado.- Enviará ós Centros o listado de alumnos susceptibles de solicitar apoio tutorial extraordinario, no que se indicarán as materias pendentes para proceder a apertura do prazo de solicitude da tutoría polos Centros que deberá establecerse entre o 10 e o 25 de novembro.

2.2 Asemade notificará ós alumnos afectados que poden presentar no seu centro, no impreso que se lle facilitará ó respecto, a solicitude de apoio tutorial extraordinario nas materias pendentes.

2.3 Dos Centros.- A Dirección do Centro fará pública a convocatoria para que os alumnos soliciten o apoio tutorial extraordinario, dentro do prazo fixado no artigo 2.1, indicándo: impreso, lugar de entrega da solicitude, así como o prazo de resolución da petición no que se lle indicará o Titor que lle corresponde.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- 2.4 Rematado o prazo de solicitudes a Dirección do Centro enviará á Dirección do Departamento e ó Vicerrectorado de Organización Académica e Profesorado o listado de alumnos coas materias pendentes que solicitaron a titoría extraordinaria.
- 2.5 **Dos Departamentos.-** O director do Departamento, á vista das solicitudes, nomeará un profesor tutor dos alumnos que será preferentemente, o profesor da materia. O Profesor Tutor entregarálle ó Director do Departamento o correspondente plan de traballo, que será cuatrimestral ou anual segundo proceda.
- 2.6 A Dirección do Departamento deberá notificar ó Vicerrectorado de Organización Académica e Profesorado os profesores responsables da titoría extraordinaria e mailo correspondente plano de traballo, co obxecto de incorporar esta titoría no plano de traballo anual do profesor

Terceiro.- Dos Profesores Titores.

Establecerán xunto co/s alumno/so o plan de traballo que deberán seguir, e que a ser posible lle permita ó alumno aproveitar ó máximo o curso académico contemplando as posibilidades de utilizar as convocatorias de febreiro, nas materias do primeiro cuatrimestre ou setembro no caso de materias do segundo cuatrimestre ou anuais.

No plan de traballo, entre outras cuestións, deberán figurar os seguintes puntos:

- i) Obxectivos parciais a acadar e tempo para conseguilos
- ii) Sistema de avaliación destes obxectivos, e da materia no seu conxunto, de estimarse conveniente.
- iii) Calendario de reunións a manter para resolución de problemas. Este calendario deberá fixarse, sempre que sexa posible, en horarios de titorías do profesor.
- iv) Procedemento de control de todo o proceso, que permita ó alumno exercer, no marco das particularidades desta modalidade de apoio, a revisión de caulificacións establecida no artigo 115.2 dos Estatutos da Universidade e do 33 do Estatuto do Estudiante.

Cuarto.- Da elaboración das actas.

- 4.1 O VOAP emitirá unha Acta por cada materia con titoría extraordinaria para cada convocatorias de exame na que figuren os alumnos que teñan solicitado a titoría extraordinaria. Para a elaboración destas actas será de aplicación a Instrucción da Secretaría Xeral do 24 de febreiro de 2000.
- 4.2 Os profesores responsables da titoría que serán os que poidan acceder a través do código persoal á acta ou actas segundo establece a Normativa reguladora das mesmas.

Disposición final Primeira.- Os alumnos só poderán solicitar unha apoio tutorial extraordinario en dúas materia ó longo da súa carreira.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Disposición final Segunda.- O Vicerrector de Organización Académica e Profesorado poderá dictar as Instrucción de procedemento que se consideren oportunas en relación con esta resolución.

Disposición final Terceira.- A xestión deste procedemento realizarase ó traves do Servicio de Xestión da Oferta e Programación Académica, o que se lle poderán formular calquera cuestión en relación co mesmo.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2002

O RECTOR.



Senén Barro Ameneiro

Vicerrectorado de Organización Académica e Profesorado, Sr. Vicerrector de Calidade e Planificación Estratéxica; Sr. Secretario Xeral, Sers/as Decanos/ase Directores/as de Centro; Srs. Directores/as de Departamento; Sra. Xefa do Servicio da Asesoría Xurídica; Sra. Xefa do Servicio de X. Da Oferta e Programación Académica; Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica; Sr. Director do COIE; Sr. Responsable do Sein da Área Académica